

Disposición transitoria terceira. *Exencións fiscais e reducións arancelarias.*

Durante o prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei, os actos e documentos precisos para que as sociedades constituídas con anterioridade se adapten ás súas disposicións estarán exentos do imposto sobre transmisións patrimoniais, nas súas modalidades de operacións societarias e de actos xurídicos documentados, e gozarán da redución que determine o Consello de Ministros por proposta do de Xustiza nos dereitos que os notarios e os rexistradores mercantís deban percibir como consecuencia da aplicación dos respectivos aranceis.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio de incompatibilidades profesionais.*

Mentres non entre en vigor o real decreto a que se refire o punto 2 da disposición derradeira segunda desta lei, permanecerán vixentes as normas sobre incompatibilidades para o exercicio de actividades profesionais actualmente aplicables.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a disposición adicional septuaxésima da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2006.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

Os preceptos desta lei son de aplicación plena e dítanse en virtude do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución; así como, no que se refire ao artigo 8, puntos 1, 2 e 3, ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución; e no relativo ao artigo 8, puntos 4, 5 e 6, ao artigo 9 e á disposición transitoria segunda, ao abeiro do artigo 149.1.8.^a e 18.^a da Constitución; que declaran respectivamente a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, ordenación dos rexistros e instrumentos públicos e bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. Autorízase o Consello de Ministros para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente lei sexan necesarias.

2. Autorízase en particular o Consello de Ministros para que, oídas as respectivas organizacións colexiais, regule mediante real decreto o exercicio profesional no seo das sociedades que teñan por obxecto o exercicio de varias actividades profesionais e o réxime de incompatibilidades que sexa aplicable ás sociedades profesionais e aos profesionais que nelas desenvolvan a súa actividade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

5585 *LEI 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.* («BOE» 65, do 16-3-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei ten por obxecto regular os requisitos necesarios para acceder ao cambio da inscrición relativa ao sexo dunha persoa no Rexistro Civil, cando esta inscrición non se corresponde coa súa verdadeira identidade de xénero. Prevé tamén o cambio do nome propio para que non resulte discordante co sexo reclamado.

A transexualidade, considerada como un cambio da identidade de xénero, foi amplamente estudada xa pola medicina e pola psicoloxía. Trátase dunha realidade social que require unha resposta do lexislador, para que a inicial asignación rexistral do sexo e do nome propio poidan ser modificadas, coa finalidade de garantir o libre desenvolvemento da personalidade e a dignidade das persoas cuxa identidade de xénero non se corresponde co sexo con que inicialmente foron inscritas.

De acordo coa regulación que se establece nesta lei, a rectificación rexistral do sexo e o cambio do nome dirixense a constatar como un feito certo o cambio xa producido da identidade de xénero, de xeito que queden garantidas a seguranza xurídica e as exixencias do interese xeral. Para isto, o dito cambio de identidade debebase acreditar debidamente e a rectificación rexistral levarase a cabo de acordo coa regulación dos expedientes gubernativos do Rexistro Civil.

Mediante esta lei, España súmase a aqueles países da nosa contorna que contan cunha lexislación específica que lle dá cobertura e seguranza xurídica á necesidade da persoa transexual, adecuadamente diagnosticada, de ver corrixida a inicial asignación rexistral do seu sexo, asignación contraditoria coa súa identidade de xénero, así como a levar un nome que non resulte discordante coa súa identidade.

Por último, refórmase mediante esta lei o artigo 54 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957. Para garantir o dereito das persoas á libre elección do nome propio, derrógase a prohibición de inscribir como nome propio os diminutivos ou variantes familiares e coloquiais que non alcanzasen substantividade.

Artigo 1. *Lexitimación.*

1. Toda persoa de nacionalidade española, maior de idade e con capacidade suficiente para isto, poderá solicitar a rectificación da mención rexistral do sexo.

A rectificación do sexo comportará o cambio do nome propio da persoa, para efectos de que non resulte discordante co seu sexo rexistral.

2. Así mesmo, a persoa interesada poderá incluír na súa solicitude a petición do traslado total do folio rexistral.

Artigo 2. *Procedemento.*

1. A rectificación da mención rexistral do sexo tramitase e acordase con suxeición ás disposicións desta lei, de acordo coas normas establecidas na Lei do Rexistro Civil, do 8 de xuño de 1957, para os expedientes gubernativos.

Na solicitude de rectificación rexistral deberase incluír a elección dun novo nome propio, salvo cando a persoa queira conservar o que teña e este non sexa contrario aos requisitos establecidos na Lei do Rexistro Civil.

2. Non son de aplicación no expediente para a rectificación da mención rexistral do sexo:

- a) A regra primeira do artigo 97 da Lei do Rexistro Civil.
- b) O parágrafo segundo do artigo 218 do Regulamento do Rexistro Civil.
- c) Os parágrafos terceiro e cuarto do artigo 349 do Regulamento do Rexistro Civil.

Artigo 3. *Autoridade competente.*

A competencia para coñecer das solicitudes de rectificación rexistral da mención do sexo corresponderalle ao encargado do Rexistro Civil do domicilio do solicitante.

Artigo 4. *Requisitos para acordar a rectificación.*

1. A rectificación rexistral da mención do sexo acordase unha vez que a persoa solicitante acredite:

- a) Que lle foi diagnosticada disforia de xénero.

A acreditación do cumprimento deste requisito realízase mediante informe de médico ou psicólogo clínico, colexiados en España ou cuxos títulos fosen recoñecidos ou homologados en España, e que deberá facer referencia:

1. Á existencia de disonancia entre o sexo morfolóxico ou xénero fisiolóxico inicialmente inscrito e a identidade de xénero sentida polo solicitante ou sexo psicossocial, así como a estabilidade e persistencia desta disonancia.
2. Á ausencia de trastornos da personalidade que puidesen influír, de xeito determinante, na existencia da disonancia indicada no punto anterior.

b) Que foi tratada medicamente durante, polo menos, dous anos para acomodar as súas características físicas ás correspondentes ao sexo reclamado. A acreditación do cumprimento deste requisito efectuarase mediante un informe do médico colexiado baixo cuxa dirección fose realizado o tratamento ou, no seu defecto, mediante un informe dun médico forense especializado.

2. Non será necesario para a concesión da rectificación rexistral da mención do sexo dunha persoa que o tratamento médico incluíse cirurxía de reasignación sexual. Os tratamentos médicos a que se refire a alínea b) do parágrafo anterior non serán un requisito necesario para a concesión da rectificación rexistral cando concorran razóns de saúde ou idade que imposibiliten o seu seguimento e se achegue certificación médica de tal circunstancia.

Artigo 5. *Efectos.*

1. A resolución que acorde a rectificación da mención rexistral do sexo terá efectos constitutivos a partir da súa inscrición no Rexistro Civil.

2. A rectificación rexistral permitiralle á persoa exercer todos os dereitos inherentes á súa nova condición.

3. O cambio de sexo e nome acordado non alterará a titularidade dos dereitos e obrigas xurídicas que puidesen corresponderlle á persoa con anterioridade á inscrición do cambio rexistral.

Artigo 6. *Notificación do cambio rexistral de sexo.*

1. O encargado do Rexistro Civil notificaralles de oficio o cambio de sexo e de nome producido ás autoridades e organismos que regulamentariamente se determine.

2. O cambio de sexo e de nome obrigará a quen o obtiver a solicitar a emisión dun novo documento nacional de identidade axustado á inscrición rexistral rectificadora. En todo caso conservarase o mesmo número do documento nacional de identidade.

3. A nova expedición de documentos con data anterior á rectificación rexistral será realizada por petición do interesado, do seu representante legal ou de persoa autorizada por aquel, e deberá ser garantida en todo caso polas autoridades, organismos e institucións que os expediron no seu momento a adecuada identificación da persoa a favor da cal se expidan os referidos documentos, mediante a oportuna impresión no duplicado do documento do mesmo número de documento nacional de identidade ou a mesma clave rexistral que figure no orixinal.

Artigo 7. *Publicidade.*

Non se dará publicidade sen autorización especial da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo da persoa.

Disposición adicional primeira. *Adición dun punto 3 ao artigo 7 da Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida.*

Modifícase o artigo 7 da Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida, que queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Filiación dos fillos nados mediante técnicas de reprodución asistida.*

1. A filiación dos nados coas técnicas de reprodución asistida regularase polas leis civís, a salvo das especificacións establecidas nos tres seguintes artigos.

2. En ningún caso a inscrición no Rexistro Civil reflectirá datos dos cales se poida inferir o carácter da xeración.

3. Cando a muller estiver casada, e non separada legalmente ou de feito, con outra muller, esta última poderá manifestar ante o encargado do Rexistro Civil do domicilio conxugal que consente en que, cando naza o fillo da súa cónxuxe, se determine ao seu favor a filiación respecto do nacido».

Disposición adicional segunda. *Reexpedición de títulos ou documentos.*

Para efectos de aboamento de taxas por reexpedición dos títulos ou documentos, a rectificación da mención do sexo no Rexistro Civil non se considera causa atribuíble á persoa interesada.

Disposición transitoria única. *Exoneración de acreditar requisitos para a rectificación da mención rexistral do sexo.*

A persoa que, mediante informe dun médico colexiado ou certificado do médico do Rexistro Civil, acredite ter sido sometida a cirurxía de reasignación sexual con anterioridade á entrada en vigor desta lei, quedará exonerada de acreditar os requisitos previstos polo artigo 4.1.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase en exercicio das competencias exclusivas do Estado recollidas no artigo 149.1. 8.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei do Rexistro Civil, do 8 de xuño de 1957.*

A Lei do Rexistro Civil, do 8 de xuño de 1957, queda modificada como segue:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 6 quedará redactado do seguinte xeito:

«O Rexistro é público para os que teñan interese en coñecer os asentos, coas excepcións que prevexan esta ou outras leis».

Dous. O segundo parágrafo do artigo 15 quedará redactado do seguinte xeito:

«En todo caso inscribíranse os feitos ocorridos fóra de España, cando as correspondentes inscricións deban servir de base a inscricións exixidas polo dereito español».

Tres. O segundo parágrafo do artigo 54 queda redactado como segue:

«Quedan prohibidos os nomes que obxectivamente prexudiquen a persoa, os que fagan confusa a identificación e os que induzan a erro canto ao sexo».

Catro. O artigo 93.2.º queda redactado como segue:

«2.º A indicación equivocada do sexo cando igualmente non haxa dúbida sobre a identidade do nado polas demais circunstancias, así como a mención rexistral relativa ao sexo das persoas nos casos de disforia de xénero».

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 84/1978, do 28 de decembro, pola que se regula a taxa por expedición do documento nacional de identidade.*

O número 2 do artigo 4 da Lei 84/1978, do 28 de decembro, queda redactado como segue:

«Quen deba de renovar preceptivamente o seu documento durante o seu prazo de vixencia, por cambio de domicilio ou de datos filiatorios, ou por calquera circunstancia non imputable ao interesado».

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE XUSTIZA

5587 *REAL DECRETO 171/2007, do 9 de febreiro, polo que se regula a publicidade dos protocolos familiares.* («BOE» 65, do 16-3-2007.)

Unha gran parte do tecido empresarial español está integrado por sociedades de carácter familiar en sentido amplo, é dicir, aquelas en que a propiedade ou o poder de decisión pertencen, total ou parcialmente, a un grupo de persoas que son parentes consanguíneos ou afíns entre si. Esta realidade económica, xurídica e social obriga a tomar en consideración as súas peculiaridades e a lícita autorregulación dos seus propios intereses especialmente en relación coa sucesión da empresa familiar,

removendo obstáculos e dotando de instrumentos o operador xurídico.

A cultura do protocolo familiar, *shareholders agreement*, atópase sancionada nas prácticas económicas e de bo goberno das sociedades familiares dos países da nosa contorna, especialmente anglosaxóns, canto é considerada unha garantía adicional para terceiros, investidores e acredores, ademais de para os propios socios, ao dotar de previsibilidade o relevo xeracional na sociedade.

Consciente diso, a disposición derradeira segunda, punto 3 da Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada nova empresa dispón que «regulamentariamente se establecerán as condicións, forma e requisitos para a publicidade dos protocolos familiares, así como, de ser o caso, o acceso ao Rexistro Mercantil das escrituras públicas que conteñan cláusulas susceptibles de inscrición».

Para o desenvolvemento desta norma considerouse necesario artellar unha pluralidade de vías que permitan o acceso á publicidade rexistral con diversa eficacia segundo a elixida e sempre de carácter voluntario para as sociedades.

Non é un real decreto a canle oportuna para a alteración dos tipos societarios ou para establecer as súas especialidades e por iso non se regulan aspectos estruturais ou organizativos da sociedade familiar nin se establecen os seus eventuais caracteres.

No que interesa, para os efectos deste real decreto, será familiar unha sociedade de persoas ou capital en que exista un protocolo que pretende a súa publicidade.

Pódese entender como tal aquel conxunto de pactos subscritos polos socios entre si ou con terceiros cos cales gardan vínculos familiares respecto dunha sociedade non cotizada en que teñan un interese común de cara a acadar un modelo de comunicación e consenso na toma de decisións para regular as relacións entre familia, propiedade e empresa que afectan a entidade.

Os aspectos subxectivo, obxectivo e formal do protocolo non son obxecto de regulación, como tampouco o é o seu contido, que será configurado pola autonomía negocial, como pacto parasocial, en hipótese máis frecuente sen máis límites ca os establecidos, con carácter xeral, no ordenamento civil e específico, no societario.

Ademais do seu carácter estritamente voluntario, óptase por articular a publicidade dun único protocolo por sociedade. Considérase que esta é a fórmula que mellor garante a seguranza xurídica que debe presidir a publicidade que ofrece o Rexistro Mercantil, de cara á certeza dos operadores e cidadáns sobre o marco regulatorio da entidade.

O acceso ao Rexistro Mercantil do protocolo prodúcese por instancia do órgano de administración das sociedades e baixo a súa responsabilidade, e queda para a esfera intrasocietaria a relación deste coa propiedade e, en xeral, cos asinantes do protocolo e sen prexuízo do recurso destes á autoridade xudicial no suposto de que non se atope autorizada a súa publicidade e se discuta o interese da publicación.

Se o protocolo incluír datos relativos á intimidade dos seus outorgantes e se se pretender unha publicidade destes (por exemplo, pactos sobre o réxime persoal da familia, prohibicións ou obrigas persoais –v.g. casar en réxime de separación de bens ou que o consorte poida ou non ser socio, ou ben que os fillos deban estudar en tal ou cal universidade–), suposto no cal o acceso á publicidade da cláusula concreta debe claramente contar co consentimento expreso e cualificado a que se refire a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co alcance e efectos que esta lei lle atribúe a este consentimento.

Como ocorre na actualidade noutros supostos (modificacións de capital, apoderamentos ou nomeamentos orgánicos), a simple manifestación do administrador da